

## RESUMO DUN PROXECTO

- 1 A mera información (datos, datas, acontecementos) e as ideas poden usarse libremente.** Podes recompilar información de diferentes fontes e contala coas túas propias palabras. Non esquezas citar as fontes!
- 2 Precísase permiso para utilizar imaxes e textos.** O uso pode estar permitido.


**En forma de citas:** Podes utilizar un fragmento dunha obra no teu propio traballo, sempre que o incorpores a modo de cita, análise, comentario ou xuízo crítico e tal utilización a leves a cabo cun fin docente ou de investigación. Debes citar a fonte e o nome do autor da obra utilizada. As citas márcanse con comiñas e coa referencia bibliográfica.

**Co permiso do autor:** Se a túa utilización non pode ampararse no límite de cita (excede dun mero fragmento, non concorre un fin docente, etc.), podes pedir permiso directamente ao autor, ao titular dos dereitos ou á entidade de xestión de dereitos de propiedade intelectual que o represente.

**Coa licenza de dereitos de autor para centros educativos:** Podes escanear partes de libros, revistas e xornais para compartir cos alumnos. Tamén se poden realizar fotocopias parciais de libros, revistas e xornais e repartilas entre os alumnos.

**Cunha licenza Creative Commons:** Comproba as iconas da licenza para saber o que podes facer. O símbolo da licenza Creative Commons e o nome do autor deben indicarse xunto á imaxe.

**As obras, cuxo prazo de protección vencera poden usarse libremente.**



- 3 **Utilizar imaxes alleas.** Pide permiso para publicar e usar unha imaxe ao seu autor e ás persoas que aparecen nela.
- 4 **Precísase permiso para utilizar música.** O permiso pode obterse en SGAE ou SEDA, así como AIE e AGEDI para o pagamento da remuneración correspondente ou buscar música en Internet cuxo uso estea permitido cunha licenza Creative Commons ou outra licenza. Consulta detidamente as condicións de uso.
- 5 **Un vídeo como parte do teu traballo.** Para utilizar un vídeo ou parte del nun traballo propio, precísase o permiso do autor ou autores. O permiso pode obterse do autor ou do titular dos dereitos de autor ou puido concederse cunha licenza Creative Commons. Está permitido incluír no teu traballo, web ou blog unha ligazón directa a un vídeo de Internet de orixe legal. Lembra que se precisa permiso para proxectar vídeos na clase.
- 6 **Citar as fontes.** Lembra indicar no teu proxecto todas as fontes consultadas e os datos do autor.
- 7 **Publicación dun proxecto en internet.** Se queres publicar un proxecto en Internet, comproba que tes os dereitos para publicar todas as obras que utilices, como as imaxes, a música e os vídeos.

